

1ª. Visiona as secuencias da película [Surcos](#) de Nieves Conde dispoñibles na canle Youtube e os seguintes documentais: [Los años del aislamiento \(1939-1959\)](#) da serie [Balance del s. XX: cien años de economía española](#), Dto. de Historia Económica da U. de Zaragoza), [A memoria dos tempos do wolfram](#) e [Lobos suxos](#). Consulta os testemuños de [mulleres que traballaron na extracción de wolframio](#) en San Finx de Lousame e das que [trapicheaban na raia con Portugal](#). E describe as características e as consecuencias da política económica autárquica imposta pola ditadura franquista durante os anos corenta cincuenta do século pasado salientando: o desabastecemento da poboación e o auxe do mercado negro, o espallamento da corrupción no persoal político do franquismo e o atraso tecnolóxico e industrial derivado da aplicación da autarquía.

Docto 1: Extractos dun texto orixinal de J. Vicens Vives sobre Hª de España elaborado en 1954 e recuperado por Miguel Marín Gelabert do Grupo de Hª da Historiografía (U. de Zaragoza), citado en *El País* (27-XI-2010): "Grupos católicos cada vez más intransigentes... Un militarismo hispánico que se situó en el campo de la reacción conservadora gracias a su estrecha colaboración con la Iglesia... El mercado negro o estraperlo fue un fenómeno de gran subversión moral que enriqueció a los potentados de la agricultura y la industria, relleno las cajas de los grandes bancos y empobreció al conjunto de la sociedad".

Docto 2: extraído do artigo de A. Vence "[Igual Franco era de izquierdas](#)" (*Faro de Vigo*, 16-6-2011).

"... La Falange –único partido que era aceptable, precisamente por ser único– no paraba de hablar de la "revolución pendiente" y, de hecho, sus profesores de Formación del Espíritu Nacional usaban con soltura el lema: "Por Dios, España y la Revolución Nacional-Sindicalista"... Suya fue la idea de crear una Seguridad Social hasta entonces inexistente, aunque la ejecución del proyecto le tocara al falangista José Antonio Girón de Velasco... Firmemente convencido de las bondades del sector público, el Generalísimo aplicó desde el principio de su dictadura una política de intervención directa del Estado en todos los ramos de la economía. Como en cualquier país comunista, las finanzas estaban sometidas a una planificación central: e incluso los Planes de Desarrollo traían ecos de los famosos planes quinquenales de la Unión Soviética. De aquella segura ruina fue salvado el régimen por los tecnócratas del Opus, que le arreglaron las cuentas al país... De no ser por su desagradable afición a fusilar adversarios, censurar el pensamiento y oficializar el integrismo católico como ideología de Estado, Franco hubiera podido reivindicarse tal vez como gobernante con (algunas) ideas de las hoy consideradas de izquierdas. Enemigo del despido libre y partidario de que el Estado prevalezca sobre los deseos a menudo egoístas del individuo, el Generalísimo podría pasar –para los más despidados– por un progresista de los de manual.

Las apariencias engañan, naturalmente. También Hitler agrupó a su camada nazi bajo el equívoco nombre de Partido Nacional-Socialista de los Trabajadores y hasta Benito Mussolini –que provenía del ala más radical del socialismo– editó un semanario titulado "La lucha de clases" años antes de fundar el Partido Fascista. Comparado con ellos, Franco era casi de derechas..."

2ª. Representa gráficamente os datos dos seguintes cadros.

Cadro 3: a modernización da agricultura española entre 1964 e 1984			Cadro 4. Emigración exterior e entrada de turistas en España: 1951-1980				
Indicador	1964	1984	Datas	Emigración a (milleiros de persoas)		Turistas que visitaron España (en millóns)	
Terras de regadío (Has)	2.007	3.004		América	Europa	1961	7,4
Superficie regada por aspersorios (Has)	407	655	1951-60	668.003	----	1964	14,1
Número de tractores	130.132	611.433	1961-70	232.221	779.592	1967	17,8
Cabalos de vapor por 100 h labradas	5.117	33.067	1971-80	51.663	447.794	1970	24,1
Número de recolledoras	8.823	44.686				1973	34,5
Cabalos de vapor por 100 h labradas	434	3.980					
Consumo de enerxía (ptas de 1970)	4.321	15.647					

3ª. Explica a evolución económica e social de España a consecuencia da liberalización económica aplicada co Plan de Estabilización Económica de 1959 que abriu a etapa explicada no documental [El desarrollismo](#). Usa, tamén, os datos do exercicio anterior, os contidos do libro de texto e os seguintes documentos. Procura información na rede sobre a importancia que tiveron os tecnócratas e políticos suliñados nos textos. Debes salientar:

- Os obxectivos, sectores prioritarios e consecuencias económicas dos plans de desenvolvemento no que atinxe a: industrialización, produción enerxética, cambios na produción agrícola e reformas nas estruturas agrarias.
- A pegada do contexto económico internacional: a expulsión do excedente de man de obra e as remesas da emigración nos anos cincuenta e sesenta do século pasado, o investimento externo e os ingresos do turismo.
- As consecuencias sociais desas políticas económicas: o éxodo rural, os procesos de urbanización e as transformacións sociais.

Docto 5: Decreto-Lei de 20 de xullo de 1959, coñecido como *Plan de Estabilización*.

“Ao remate da Guerra de Liberación, a economía española tivo que se enfrontar co problema da súa reconstrución, que se vía retardada naqueles momentos pola insuficiencia dos recursos... como consecuencia da contenda... A guerra mundial e as repercusións que trouxo consigo aumentaron estas dificultades e pecharon gran parte dos mercados e fontes de aprovisionamento normais... Superadas aquelas circunstancias, chegou o momento de iniciar unha nova etapa que permita colocar a nosa economía nunha situación de máis ampla liberdade, de acordo coas obrigas asumidas por España como membro de pleno dereito da OECE. A maior flexibilidade económica que se establecerá gradualmente non supón en ningún caso que o Estado abdique do dereito e da obriga de vivir e fomentar o desenvolvemento económico do país”.

Docto 6: Entrevista a Fabián Estapé, economista e exreitor da U. Pompeu Fabra de Barcelona (*El País*, 10-8-2000, p. 14).

“Franco si no le iba bien lo que le decías suponía que ibas de mala fe. Le molestaban en el sentido que a un militar de infantería le molesta la intendencia diciéndole que no hay pan, cuando él lo que quería era matar moros... Nunca creí que el país iría mejor si iba peor. Colaborar con el franquismo era el modo de que el país comiese más y vistiese mejor. Por eso empecé a colaborar con Sardá en 1959 en el Plan de Estabilización... Fue el principio de poder hacer la transición y dejar el país en condiciones para cuando se muriese Franco. La transición la hizo el seiscientos y no Suárez. Gracias a Joan Sardá... Laureano López Rodó empezó en 1956 a tener influencia sobre el señor que tenía influencia sobre Franco. Cayó en la Secretaría General Técnica de la Presidencia del Gobierno. Colocó a Mariano Navarro Rubio y Alberto Ullastres, que había estudiado con Sardá y aquí entré yo... Igual que se ha subestimado a Joan Sardá se ha subestimado todo lo que hizo Pedro Solbes entre 1993 y 1996. Preparó la infraestructura para que estos [se refiere al partido en el Gobierno en el momento de la entrevista] pudiesen ir hacia el euro. Su política económica entraña el riesgo de que los que tienen mucho dinero pagarán menos impuestos y los que tienen poco todavía tendrán menos.

Docto. 7: Extraído do testemuño de Carme Meañós Abuín de Carril, recollido en Montse Fajardo, 2013, *Matriarcas, mulleres e pé de vida*, Concello de Vilagarcía de Arousa.

“... En Suiza facían chistes con nós, os españois... Había un que decía: como será posible que España funcione cun só Franco e nós con tantos non sexamos capaces de facer nada sen os españois... Metíanse con nós polo de Franco pero nós de Política nin mu. Para os españois era tabú”.


Docto. 8: Historia dun Seiscientos:

Este coche con matrícula de Santander pertencía a un Garda Civil destinado en Arbo que o mercou para o seu fillo, oficial da Benemerita. O mozo desprezou o utilitario dende que casou cunha filla de Carrero Blanco e puxérono á venda. Mercouno en 1979 un casal de Salceda de Caselas retornado de Bos Aires.



Festa na Guía. Fernando Gago, Joaquín Quirós, Fernando Gago (fillo), Juan Quirós, Mari Nieves, Quinito, Avelino, Gelito, Remoaldo, Mila. 1956.

Propiedade de Olga Quirós



CADRO 12.2: TAXA DE CRECIMENTO DO PIB EN ESPAÑA, 1963-1991 (EN %)	
1963	9,5
1965	6,3
1967	4,3
1969	8,9
1971	4,6
1973	7,8
1975	0,5
1977	2,8
1979	0,05
1981	- 0,2
1983	2,2
1985	2,6
1987	5,6
1989	4,7
1991	2,2

